

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, IMPULSO E FORMACIÓN PARA O EMPREGO DA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA VINTE E TRES DE XANEIRO DO ANO DOUS MIL VINTE E SEIS

ASISTENTES

PRESIDENTA:

Dna. Luísa María Sánchez Méndez

SUPLENTE :

D. Marcos Guisasola Padín

V O G A I S :

D. Rafael Domínguez Artime

D. Jorge Cubela López

D. Ricardo Martínez Chantada

Dna. María Pilar Ramallo Vázquez

D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso

D. Jesús Vázquez Almuíña

D. Juan Pablo Castillo Amigo

D. Paco Ferreira González

D. Javier Iglesias Mougán

Dna. Digna Rosa Rivas Gómez

D. Gregorio Luís Agís Gómez

Dna. Nuria Rodríguez Rodríguez

D. Gorka Gómez Díaz

Dna. Beatriz Lomba Rodríguez

Dna. María Manuela Rodríguez Pumar

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo a unha e dez minutos do día vinte e tres de xaneiro do ano dous mil vinte e seis, reúnense baixo a presidencia de Dna. Luísa María Sánchez Méndez, os/as señores/as deputados/as que á marxe se relacionan, membros da dita Comisión convocados coa correspondente orde do día.

Actúa como secretaria por delegación, Natalia Abalo Araújo, adxunta a Xefatura do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local

Aberta a sesión por parte da Presidencia pásase ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día.



1. Aprobación do borrador da acta da anterior sesión ordinaria, do dezanove de decembro de 2025.

Por unanimidade dos asistentes apróbase a acta da anterior sesión ordinaria, do día dezaioito de outubro do ano dous mil vinte e catro.

2. Dar conta da concesión da 11ª Mobilidade do proxecto ERASMUS+ 2024 (exp. 2023073909)

A Comisión queda enterada.

3. Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir da Deputación a creación dun Programa de apoio ao comercio Local en todos os concellos da provincia.

A voceira do grupo provincial do PSdeG-PSOE, Dona Ana Laura Iglesias González, presentou o día 20 de xaneiro de 2026 co número de rexistro WEB2026003504 unha moción para esixir da Deputación a creación dun programa de apoio ao comercio local en todos os concellos da provincia, cuxo contido é o seguinte:

“MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA ESIXIR DA DEPUTACIÓN A CREACIÓN DUN PROGRAMA DE APOIO AO COMERCIO LOCAL EN TODOS OS CONCELLOS DA PROVINCIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O comercio local constitúe un dos piares fundamentais da vida económica, social e cultural dos nosos municipios. A súa actividade contribúe á xeración de emprego, á dinamización dos espazos urbanos e á cohesión social, tanto nos concellos rurais como nos urbanos.

Nos últimos anos, o comercio de proximidade tivo que facer fronte a múltiples desafíos derivados da dixitalización, da competencia das grandes superficies e dos cambios nos hábitos de consumo. Estes retos víronse agravados tras a pandemia e polas actuais circunstancias económicas, incrementando a vulnerabilidade dos pequenos establecementos e poñendo en risco a súa continuidade.

Outras deputacións provinciais galegas teñen posto en marcha programas innovadores de impulso ao comercio local, como é o caso do coñecido programa “Mercanavilla” da Deputación da Coruña, orientado a apoiar o pequeno comercio mediante campañas de dinamización, bonos ao consumo e accións de promoción coordinadas cos concellos.



Consideramos que a Deputación de Pontevedra debe avanzar na mesma dirección, impulsando un programa propio de ámbito provincial que permita reforzar o tecido comercial de todos os concellos, promovendo a súa modernización, visibilidade e competitividade, así como incentivando o consumo local.

Diante de todo isto, o Pleno insta á Deputación ao cumprimento dos seguintes

ACORDOS:

- 1. Instar ao Goberno Provincial a deseñar e poñer en marcha, en colaboración cos concellos, as asociacións de comerciantes e outros axentes socioeconómicos, un Programa Provincial de Apoio ao Comercio Local dirixido a todos os concellos da provincia.*
- 2. Que dito programa inclúa, entre outras posibles liñas:*
 - Campañas de promoción e sensibilización para fomentar o consumo no comercio de proximidade.*
 - Sistemas de bonos ao consumo ou incentivos similares, en coordinación cos concellos.*
 - Accións de dixitalización e modernización, incluíndo formación e ferramentas para a transición dixital do comercio local.*
 - Actividades de dinamización comercial e eventos de carácter local ou comarcal.*
 - Programas de asesoramento para a mellora da competitividade e sustentabilidade dos establecementos.*
- 3. Tomar como referencia experiencias existentes noutras administracións provinciais, como o programa Mercanavilla da Deputación da Coruña, adaptando os seus elementos á realidade socioeconómica da provincia de Pontevedra.”*

Sometida a votación a moción do grupo provincial do PSdeG-PSOE, para esixir da Deputación a creación dun programa de apoio ao comercio local en todos os concellos da provincia de Pontevedra, obtívose o seguinte resultado:



1. Votos a favor: (6), do grupo provincial do PSdeG-PSOE.
2. Votos en contra: (9), do grupo provincial do Partido Popular.
3. Abstencións: (2), do grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego.

A Comisión Informativa de Promoción Económica, Impulso e Formación para o Emprego ditamina desfavorablemente a moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE, para esixir da Deputación a creación dun programa de apoio ao comercio local en todos os concellos da provincia, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do PSdeG-PSOE, cos votos en contra das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular e coas abstencións das Deputadas e Deputados do grupo provincial do BNG.

4. Rogos e Preguntas.

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, cando son a unha e quince minutos do expresado día, do que eu, secretario, dou fe.

(Asinado dixitalmente ao marxe)

